arela

COMUNICACIÓN SOSTIBLE

# O proceso de crear unha tenda



**Como é o proceso de creación dunha tenda en liña?**

# A creación da tenda

<u>Valorar orzamentos:</u>

- Se podemos, e se existe, escoller un provedor “de confianza”.
- Que inflúe no prezo?
    - CMS escollido.
    - Deseño personalizado.
    - **Sincronización ERP!!**
    - Mantemento da tenda.
    - Funcionalidades (módulos) incluídas.
    - Carga de produtos incluída ou non.



# A creación da tenda

Roles:

- **Deseñador.** Moi importante para escoller un deseño acorde coa marca e para construír un sitio usable; coidar cabeceira e pé, localización de produtos e báners, botóns, etc.
- **Programador.** "Non falan o noso idioma". Cómpre facilitarlles o traballo ao máximo: listaxe de tarefas pendentes, marcar prioridades, etc.
- **Cliente.** Deben coidar o produto, o *packaging,* a loxística, o stock, etc., pero tamén opinan de deseño, usabilidade, etc.
    - **Claves:**
        - **Si ou si:** menú sinxelo, iconas universais, etc.
        - Conversas relevantes (e que afecten ao cronograma) por escrito.
        - Saber escoitar e propoñer.

# A creación da tenda

<u>Roles:</u>

- **Outros provedores.** Fotógrafo/a, especialista SEO, etc.
- **Director/a de proxecto.** Responsable de coordinar o traballo entre cliente e provedores. Encárgase de:
  - Recoller e revisar contidos.
  - Revisar o desenvolvemento da tenda:
    - Desenvolvemento e implantación do deseño.
    - Desenvolvemento de funcionalidades.
    - Métodos de pago.
  - Controlar e informar sobre o cronograma.

# A creación da tenda

<u>Complicacións:</u>

- **Deseño que non convence ao cliente.** Debe estar claro no orzamento: X propostas, cada proposta extra custa X€. Debemos coñecer ben os gustos do cliente, pedirlle referencias, etc.
- **Sincronización ERP.** É o punto máis crítico. Antes de ir adiante debemos saber:
    - Outras tendas sincronizadas con este ERP?
    - ERP dispoñible para a versión actual de Prestashop?
    - A que se compromete a empresa responsable do ERP? Mantemento?
- **Contidos.** Debe quedar moi claro quen vai desenvolver os contidos (texto e foto). É unha parte importante do orzamento e unha das principais causas de **demora.** A demora pode vir porque non conseguimos os contidos do cliente, ou porque este non os dá cargado (e non se pode revisar, testar e publicar).

# A creación da tenda

Complicacións:

- **Mantemento e actualizacións.** A actualización da versión dunha tenda e como afecta ás funcionalidades desta pode ser un momento crítico. Debemos garantir o funcionamento e a seguridade tendo claro o orzamento dende o principio.
- **Control de incidencias.** Problemas co rexistro de usuarios, con clientes que non poden completar o proceso de compra, con pedidos que non chegan, etc. Por que pasa e de quen é a responsabilidade?

# A creación da tenda

<u>Funcionalidades:</u>

- Espazos para báners e promocións.
- Produto:
    - Fotos dende distintas perspectivas.
    - Título, descrición, etc.
    - Amosar claramente (con recursos de deseño) información de desconto, novidades, tallas dispoñibles, etc.
    - Revisar filtros.
- Canles de atención ao cliente.
- Blog.



# A creación da tenda

Revisión:

- **Test de usabilidade.** Podemos escoller a varios usuarios e pedirlles accións concretas como atopar as formas de contacto ou facer unha compra.
- **Test A/B.** Probando distintas versións da web.
- **Test dos 3 clics.** Todo o que o usuario ten que facer “debe estar en 3 clics”.
- **Test de mapas de calor.** Que partes da web son as que máis clics reciben? https://www.dugwood.com/clickheat/index.html
- **Probamos navegadores e dispositivos.**
- **Revisión de contido e ligazóns.**
- **Revisión de formularios.**
- **Revisión de formas de pago.**
- **Google Analytics.**
- **Outros: páxina 404.**

arela

COMUNICACIÓN SOSTIBLE

www.arela.gal

david@arela.gal